

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto Decreto 2019-0343 de data 04 de febreiro de 2019 mediante o que se resolve aprobar unha nova convocatoria para a presentación de instancias na categoría de Profesor de Música, na especialidade de Violín segundo as bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017, co fin da confección da lista de contratacións para a devandita praza, acordando unificar a lista resultante do proceso selectivo coa xa existente, dando lugar a unha soa lista de substitucións na categoría de profesor de música, especialidade violín.

Visto que con data 16 de agosto de 2019 se aproba a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as na categoría de profesor de música, especialidade de violín, o 13 de setembro de 2019 se procede á constitución do Tribunal do citado proceso selectivo co obxecto da valoración curricular de méritos dos/as aspirantes, elaborando como resultado a Acta final de puntuacións.

Detectado erro aritmético na Acta do Tribunal de valoración curricular de data 13 de setembro de 2019 onde dí:

NOME E APELIDOS	DNI	FORMACIÓN (Cursos)	FORMACIÓN (Galego)	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
LAURA PARRADO FUENTES	*****532P	3	1	1,5	5,55

Debería dicir:

NOME E APELIDOS	DNI	FORMACIÓN (Cursos)	FORMACIÓN (Galego)	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
LAURA PARRADO FUENTES	*****532P	3	1	1,5	5,5

Comprobado que o candidato D. Eduardo Rey Illán ten 4,9 puntos no primeiro proceso selectivo e 4,33 no segundo proceso, dado que o primeira nota e superior a segunda e a súa situación por orde de puntuación na listaxe que se pretende unificar sería a mesma independentemente da nota do primeiro ou segundo proceso, transcríbese a puntuación mais alta dos dous procesos por ser a mais beneficiosa para o interesado e non afectar a terceiros.

En base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Rectificar o erro detectado na puntuación Total de D<sup>a</sup> Laura Parrado Fuentes

onde dí:

NOME E APELIDOS	DNI	FORMACIÓN (Cursos)	FORMACIÓN (Galego)	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
LAURA PARRADO FUENTES	*****532P	3	1	1,5	5,55

Debe dicir:

NOME E APELIDOS	DNI	FORMACIÓN (Cursos)	FORMACIÓN (Galego)	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
LAURA PARRADO FUENTES	*****532P	3	1	1,5	5,5

**Segundo.-** Reflectir na lista final a puntuación obtida polo candidato D. Eduardo Rey Illán no primeiro proceso por ser a mais beneficiosa e non afectar a terceiros.

**Terceiro.-** Unificar as listas resultantes dos procesos selectivos de profesor de música, especialidade violín, nunha soa lista de substitucións, na que a orde de prelación final virá determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos, tal como a continuación se indica:

APELIDOS	NOME	DNI	FORMACIÓN (TOTAL)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (TOTAL)	TOTAL
RODRÍGUEZ MORENTE	RICARDO	*****189S	4	5	9
PARRADO FUENTES	LAURA	*****532P	4	1,5	5,5
REY ILLÁN	EDUARDO	*****091Y	4	0,9	4,9
CAMIÑOS BLANCO	LUCÍA	*****279K	4	0	4
MARTÍNEZ CABRERA	DAVID	*****022X	1	0,77	1,77
TATO GONZÁLEZ	GABRIEL	*****709J	0	0	0

**Cuarto.-** Visto que se trata da fusión dunha nova lista cunha xa existente, á hora de facer os chamamentos se terá en conta a aqueles/as candidatos/as pertencentes á lista anterior e o estado no que se atopan nestes intres.

**Quinto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: [www.pontareas.gal](http://www.pontareas.gal).



**Sexto.-** Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro do Concello, e na paxina [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez



Cod. Validación: 7QP5SSDPWAAX6W2NL339M2ZNF5 | Corrección: <http://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3